

O artigo 27 do Regulamento do Parlamento na súa redacción dada polo acordo da Mesa do 3 de agosto de 2015 di:

<<1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención a que se refire a alínea anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicárase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.>>

A principios de lexislatura determínase o importe das subvencións aos grupos parlamentarios pola Mesa do Parlamento de Galicia. Así na súa reunión do 17 de agosto de 2020 acordou manter os importes fixados na anterior lexislatura, resultando:

- Subvención fixa para cada grupo parlamentario: 9.971,79 €/mes
- Subvención variable segundo o número de membros do grupo: 1.837,01 €/mes
- Subvención finalista: 5.898,56 €/mes

A subvención finalista atende aos termos fixados na reunión da Mesa da Cámara do 15/03/2006 segundo o que dedícase a afrontar os custes salariais e de seguridade social derivados da contratación de persoal en cada grupo parlamenario a razón de un técnico e un administrativo cuxa suma terá como límite o importe mensual máximo destinado á dita subvención. O seu pagamento aos grupos parlamentarios está condicionado á acreditación desas contratacións.

Este ano, por mor da finalización da X lexislatura e comezo da XI, hai que ter en conta que a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 2 de xullo de 2019, acordou asignar ao Grupo Parlamentario Mixto polos conceptos de subvención fixa e finalista a quinta parte por deputado das cantidades que perciben os demais grupos parlamentarios e, polo concepto de subvención variable, a cantidade que lle corresponde en función do número de membros que compoñen o dito grupo. A devindicación producírase con data 28 de xuño de 2019, data da constitución do Grupo Parlamentario Mixto.

Subvencións aos Grupos Parlamentarios do 01/01/2020 ata o 06/08/2020

GRUPO	Número de deputados (ata o 06/08/2020)	Subvención fixa 9.971,79 €/mes	Subvención variable 1.837,01 €/mes e deputado	Subvención finalista 5.898,56 €/mes	Subvención total
G.P. Popular de Galicia	41	71.732,55	541.799,43	42.431,58	655.963,56
G.P. Socialistas de Galicia	14	71.732,55	185.004,68	42.431,58	299.168,81
G.P. Común da Esquerda	9	71.732,55	120.895,37	42.431,58	235.059,50
G.P. Bloque Nacionalista Galego	6	71.732,55	79.287,72	42.431,58	193.451,85
G.P. Mixto	5	69.600,52	64.109,51	41.170,54	174.880,57

Subvencións aos Grupos Parlamentarios do 07/08/2020 ata o 31/12/2020

GRUPO	Número de deputados (desde o 07/08/2020)	Subvención fixa 9.971,79 €/mes	Subvención variable 1.837,01 €/mes e deputado	Subvención finalista 5.898,56 €/mes	Subvención total
G.P. Popular de Galicia	42	47.928,93	370.838,99	28.351,14	447.119,06
G.P. Bloque Nacionalista Galego	19	47.928,93	167.760,49	28.351,14	244.040,56
G.P. Socialistas de Galicia	14	47.928,93	123.613,00	28.351,14	199.893,06